

# **PLAN DE BIBLIOTECA E PLAN DE LECTURA**

**CEIP PLURILINGÜE SAN MARCOS**

**Abegondo**

**Outubro, 2023**

**ÍNDICE**

<b>1.. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....</b>	<b>3</b>
1.1. Datos básicos do centro .....	3
1.2. Contextualización e contribución ao Proxecto Educativo do centro.....	3
1.3. Xustificación .....	4
<b>2.. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL .....</b>	<b>6</b>
<b>3.. OBXECTIVOS.....</b>	<b>7</b>
<b>4.. ACTUACIÓNS PREVISTAS .....</b>	<b>8</b>
4.1. En relación coa organización e xestión da biblioteca escolar.....	8
4.1.1. <i>Uso da biblioteca</i> .....	8
4.1.2. <i>Fondos da biblioteca</i> .....	9
4.1.3. <i>Xestión técnica da biblioteca</i> .....	9
4.1.4. <i>Bibliotecas de aula</i> .....	10
4.1.5. <i>Responsable e equipo da biblioteca</i> .....	10
4.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca .....	10
4.3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.....	12
4.4. En relación co Plan de Lectura (fomento da lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información) .....	12
4.5. En relación coa implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas. ....	17
4.6. En relación co apoio da biblioteca para a compensación de desigualdades sociais e a atención á diversidade.....	18
4.7. En relación co Proxecto Documental Integrado (PDI) do centro .....	18
<b>5.. CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES. ..</b>	<b>19</b>
<b>6.. DIFUSIÓN.....</b>	<b>19</b>

*A lectura é para a mente,  
o que o exercicio é para o corpo*  
(Joseph Addison)

## 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Plurilingüe San Marcos.

Dirección: Agra de San Marcos, nº 36, C.P.: 15318, Abengondo, A Coruña.

Correo: ceip.san.marcos@edu.xunta.gal

Páxina Web: <https://ceipsanmarcos.es/> (onde se aloxa o Blog da biblioteca escolar).

Instagram: @ceip\_plurilingue\_san\_marcos.

Etapas educativas: 2º ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Nº de alumnado: 277 (curso 2023/24)

Profesorado: 28 (curso 2023/24)

### 1.2. Contextualización e contribución ao Proxecto Educativo do centro.

Encontrámonos no CEIP Plurilingüe San Marcos, un centro de infantil e primaria situado na provincia galega de A Coruña, no concello de Abegondo. Conta cunha poboación de 5.534 habitantes (INE, 2022). No pasado a escasa poboación compoñíase de persoas nadas na zona e dedicadas á agricultura e gandaría. No último cuarto de século, aumentou a súa poboación ao converterse en fogar de familias que traballan na cidade de A Coruña.

O termo do concello encóntrase na cidade deportiva do Club Deportivo da Coruña e o embalse de Cecebre (refuxio temporal de aves migratorias), alimentado polos ríos Mero e Barcés. Así, mentres que o río Mero discorre polo este facendo límite con Oza-Cesuras, o río Barcés, fai límite polo oeste con Carral, desaugando ambos en dito embalse.

Entre os elementos do patrimonio sociocultural pódese destacar diversos pazos como o Pazo de Cerca, o Pazo de San Pedro de Crendes, o Pazo de Figueroa, o Pazo de Macenda... así como tamén a Ponte de Beldoña e diversos motivos de arte relixioso como o Cruceiro Bonito en San Marcos.

Por outra banda, logo desta introdución demográfica e sociocultural, destacar que o deseño dos Plans de Biblioteca e de Lectura que nestas liñas se introducen, encóntrase en consonancia cos principios educativos recollidos no Proxecto Educativo, responde as súas necesidades de promover a biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe do centro.

Así mesmo, o Plan Biblioteca e o Plan de Lectura non se amosan no seu deseño como algo inmóbil e independente, senón que conciben como algo en constante cambio e adaptado á nosa realidade de centro, así como relacionado cos outros equipos docentes, programas e proxectos nos que participa o centro.

Equipos docentes:

- Equipo de Biblioteca.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Equipo de Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Programas e Proxectos nos que participa o centro:

- Programas de Bibliotecas Escolares:
  - ✓ Radio na Biblio.
  - ✓ Biblioteca Creativa.
  - ✓ Club de Lectura.
  - ✓ Voluntariado.
- Plans Proxecta:
  - ✓ Donas de si
  - ✓ Paisaxe e sustentabilidade
  - ✓ Voluntariado miúdo: Móvete!
  - ✓ Proxectos de vida activa e deportiva
  - ✓ Cántame un conto
- Contratos Programa: Emociona-T

Finalmente, os Plans de Biblioteca e Lectura terán a súa concreción anual na Programación Xeral Anual do centro dunha forma contextualizada e relacionada co Proxecto Documental Integrado que se leve a cabo.

### 1.3. Xustificación

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia expoñen no seu preámbulo que o título III “dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI”. Varios destes aspectos regulados neste apartado están relacionados con este Plan de Biblioteca e Plan de Lectura, sobre todo, os que teñen que ver co fomento dunha aproximación á lectura e do proceso de educación dixital (o que se considera factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia).

Os artigos 33 e 29, respectivamente, dos citados decretos fálanos da necesidade de que todos os centros escolares contén cunha biblioteca escolar e tamén de que se elabore este documento coa finalidade de promovela “como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe”. Dinos tamén que “a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilitará a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura”. Así como, resaltan que os centros docentes deberán “promover actuacións destinadas ao fomento da aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave”.

A importante labor que cumpre a biblioteca e a promoción da lectura queda plasmada nas 128 e 276 veces, respectivamente, que aparece no currículo da Educación Primaria esas dúas palabras. Nas áreas das linguas, por exemplo, os bloques 4 e 5 falan especificamente de dous aspectos que están directamente relacionados con ela: a alfabetización mediática (que enlaza coa elaboración de proxectos interdisciplinarios) e a educación literaria (converténdoa en espazo de lecturas compartidas). Estes dous bloques inclúen criterios de avaliación específicos e contidos que teñen que ver co uso da propia biblioteca tanto físico como documental; como co desenvolvemento do proceso lector.

Así mesmo, no currículo da Educación Infantil, un dos obxectivos da etapa é favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura. Na área de Comunicación e Representación da realidade falan da importancia de empregar a biblioteca como recurso de aproximación á literatura e fonte de gozo, entre outros moitos contidos e criterios de avaliación relativos a biblioteca e aproximación a lecto-escritura. Establecen que se debe “favorecer que o alumnado coñeza e utilice a biblioteca e que descubra todas as posibilidades que ofrece para achegarse non só ao mundo literario, senón tamén a ámbitos como o *maker*, a radio ou outros”. Especialmente, tratase de iniciar ós máis pequenos no achegamento á literatura infantil dunha forma lúdica e comezar a tecer un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios.

Para ler eficazmente é imprescindible a intencionalidade de desexar descubrir algo no escrito; así como, a atención. A motivación dos nenos e nenas tenderá fundamentalmente cara aspectos lúdicos, creativos e motivadores. Non debe ser ler por ler, senón un entramento intencional de tódalas habilidades necesarias para o acto lector. Isto, poderá levar a cabo no contexto dunha biblioteca que sexa nexo de unión e corazón do centro, deseñada como “centro creativo de aprendizaxes”.

Por todas estas razóns vese necesario elaborar este Plan de Biblioteca e Plan de Lectura como documento marco das mesmas.

## 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

No colexio levouse a cabo nos últimos anos unha renovación grande da biblioteca liderada polo interese do claustro e acelerada polas obras acometidas no centro, que levaron, entre outras cousas, a un novo emprazamento da biblioteca escolar.

A biblioteca está situada na actualidade no edificio principal do colexio, nun espazo exterior que conecta as dúas partes do edificio de Educación Primaria e cuxa entrada da ao patio cuberto. Un espazo diáfano (a excepción da Radio) e con grandes fiestras que permiten dispoñer de luz natural. Este curso, trasladouse a aula de Polos Creativos á aula contigua a biblioteca co obxectivo de conectar ambos espazos que comparten filosofía e materiais. Para iso, abriuse a parede contigua para crear unha zona de paso.

A biblioteca conta con varios espazos, destacando:

- Espazo 1: os andeis cos libros de ficción, informativos e revistas alóxanse ao longo das paredes da biblioteca. Os libros están catalogados por temáticas partindo da CDU proporcionada pola Asesoría de Bibliotecas Escolares. Actualizárase o sistema de catalogación, adaptándose ao dinamismo dunha biblioteca cunha ampla colección de libros.
- Espazo 2: zona de gradas e butacas para a lectura máis informal e xogos de mesa.
- Espazo 3: zona de mesas de traballo que permiten diferentes configuracións.
- Espazo 4: Laboratorio Creativo de Aprendizaxes, co material de biblioteca creativa (iPads, ordenadores, Robots, Impresa 3D, Muro Lego, Pezas LUPO e unha pantalla interactiva).
- Espazo 5: Radio na biblio con espazo para catro locutores e un técnico de son. Conta con todo o material necesario para levar a cabo os programas anuais que se repiten cada curso e outros novos que se van incluíndo cada ano, así como outros programas especiais relacionados co PDI. Dende este curso 2023-24 a Radio está conectada á megafonía do colexio.

Ademais o colexio é centro PLAMBE dende hai varios anos e está incorporado a novos programas da Asesoría de Bibliotecas Escolares como Radio, Biblio Creativa e Club de Lectura.

Nos últimos anos se levaron a cabo no centro Proxectos Documentais Integrados con diferentes temáticas elixidas polo claustro, nos que participan toda a comunidade educativa.

Pódese dicir, por tanto, que a biblioteca escolar está ben equipada, se ben serían necesarias algunhas melloras:

- A zona de ordenadores non é funcional, as cadeiras son moi altas o mesmo que a superficie de traballo o que non facilita o acceso ós máis pequenos. Deberíase renovar o espazo de procura de información.
- Cóntase con moito espazo pero faltan andeis para todos os libros dos que dispón o centro. Por iso tense en mente, por un lado, comprar máis mobiliario flexible que permita almacenaxe.

- E, por outra banda, aproveitar para facer un gran expurgo, reorganizar o espazo e catalogar todos os fondos, novos e existentes (máis de 5000), cun sistema máis próximo a CDU adaptada da Asesoría de Bibliotecas Escolares, tendo en conta as características do centro. Así como, asegurar que todos os libros do centro estean dados de alta no programa informático KOHA e eliminar aqueles que xa non existan.
- Comprar fondo bibliográficos relacionados co PDI que se estea a levar a cabo.
- Sería necesaria maior colaboración da comunidade educativa en xeral, que as familias se acheguen á biblioteca par ler e que os nenos e nenas sexan máis lectores. Tense como obxectivo a medio e longo prazo introducirse no programa Lectura e Familias, en relación ao cal xa se levan a cabo algunhas actividades.
- Non se ten no centro un programa como tal de alfabetización e tratamento da información que implique a todo o alumnado e profesorado.
- Non se lle está a sacar o partido que se debería á plataforma E-LBE e á lectura en pantalla.
- É necesaria unha maior colaboración coa biblioteca municipal e outras bibliotecas escolares.
- A organización dos club de lectura necesita unha remodelación que sexa viable para alumnado e docentes.

En relación as prácticas lectoras, no centro, en xeral, o alumnado usa os fondos bibliotecarios do centro con certa regularidade, manexan os libros, fan empréstitos, etc. Pero sempre se pode mellorar a través de actividade motivadoras que lles animen a ler máis e mellor.

A lectura é unha materia transversal de tódalas áreas do currículo e unha ferramenta indispensable para o aprendizaxe de tódalas materias. Os esforzos centrados no aumento das capacidades lingüísticas: mellora na comprensión lectora, mellora na produción de textos escritos, mellora do hábito lector e o gusto pola lectura; así como, á creación de actitudes positivas cara á lectura; redundarán positivamente nas aprendizaxes posteriores.

Sen embargo, a acción lectora debe complementarse necesariamente cunha actuación paralela coa área familiar, para afianzar a competencia lectora na infancia formando lectores capaces de enfrontarse con éxito ao mundo escolar e laboral e fomentar o gusto pola lectura.

### **3. OBXECTIVOS**

Os obxectivos aquí reflexados deseñáronse a partires da análise feita en tódolos puntos anteriores. Estes obxectivos son realistas e concretos. Faise unha separación de aqueles que están máis relacionados coa biblioteca escolar e os que están máis vinculados ao fomento da lectura.

#### Biblioteca escolar:

- a. Dar a coñecer a toda a comunidade educativa a biblioteca, os seus espazos, fondos e recursos.

- b. Catalogar, informatizar, actualizar e xestionar os fondos da biblioteca.
- c. Converter a biblioteca no corazón da actividade escolar como centro de recursos.
- d. Favorecer unha maior participación das familias e de toda a comunidade educativa a través de diferentes actividades. Ser referente cultural e centro creativo de aprendizaxes.
- e. Contribuír a desenvolver habilidades relacionadas coa oralidade dende a Radio.
- f. Poñer en marcha a formación dos usuarios e usuarias da biblioteca. Que sexa concibida como parte de todos e todas.
- g. Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais existentes.
- h. Coordinarse co resto de dinamizacións e equipos do centro para programar e poñer en marcha actividades conxuntas.
- i. Facilitar a atención á diversidade dende un punto de vista físico, cognitivo e psicosocial. Creando así unha biblioteca inclusiva.

#### Fomento da Lectura:

- a. Promover actividades funcionais de animación e uso da lectura e da escritura. Escribir e ler dende o erro como a oportunidade de aprender e respectando as etapas da lingua escrita.
- b. Incentivar a capacidade de expresarse tanto a través da fala como por escrito.
- c. Incrementar o interese e o gusto polo literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- d. Ofrecer oportunidades de practicar a alfabetización mediática e informacional, a visión crítica e o traballo colaborativo a través dos PDI.
- e. Implicar ás familias no obxectivo de potenciar o hábito lector, como parte esencial do proceso educativo.
- f. Favorecer e valorar as creacións literarias e tecnolóxicas do alumnado.
- g. Promover as diferentes linguaxes: de programación, musical, artística, lúdica...
- h. Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.

## **4. ACTUACIÓNS PREVISTAS**

### **4.1. En relación coa organización e xestión da biblioteca escolar.**

#### 4.1.1. Uso da biblioteca

A biblioteca conta cun horario para uso dos grupos-clase a disposición do profesorado e previa reserva no taboleiro da sala de mestres de Educación Primaria, para ir a facer empréstitos e outras actividades relacionadas coa lectura, charlas, talleres, encontros.... Así mesmo, a biblioteca estará aberta no horario do recreo con aforo limitado, será xestionada neste caso polos voluntarios e voluntarias da biblioteca baixo a supervisión do docente de garda.

Para o uso da Radio tamén se conta cun cadro onde reservar hora por parte das titorías.



Elaboraranse e poñeranse a disposición da comunidade educativa no Blog da biblioteca os documentos guía para o uso dos espazos da biblioteca.

#### 4.1.2. Fondos da biblioteca

Intentarase que a medio e longo prazo, os fondos bibliográficos estean clasificados segundo a CDU proposta pola Asesoría de Bibliotecas Escolares, adaptada as características do centro. Desta forma, os fondos de ficción estarán distribuídos en tres espazos atendendo ás competencias lectoras das usuarias e usuarios: prelectoras/es (zona azul), primeiras/os lectoras/es (zona vermella) e lectoras/as autónomas/os (zona verde). Os fondos informativos atoparanse nun espazo diferenciado clasificados e sinalizados segundo CDU e con pictogramas obtidos da páxina de ARASAAC para que sexan universais para todos os usuarios e usuarias. Existirán tamén espazos diferenciados para os libros en lingua inglesa, para poesía, para teatro, para producións propias do alumando e para libros de adultos.

Para que os fondos estean actualizados realizarase expurgo de forma continuada segundo as necesidades.

A biblioteca conta con recursos dixitais, de robótica e realidade aumentada que se van ampliando cada curso. As aplicacións didácticas instaladas nos iPads estarán inventariadas nun documento a disposición dos docentes para facilitar o uso e a programación das sesións na biblioteca.

Tamén cóntase cunha variedade de xogos de mesa de diferentes temáticas e para diferentes idades. Así como, taboleiros de xadrez, muro Lego e pezas LUPO.

Ademais, a biblioteca dispón dun espazo destinado á Radio, para o uso da cal tanto profesorado como alumando recibirán formación.

Asígnase un orzamento específico para a biblioteca (entre o 5% e o 10% do orzamento do centro) e conta cos fondos específicos do PLAMBE e diferentes programas e iniciativas.

#### 4.1.3. Xestión técnica da biblioteca

Existe un rexistro informatizado dos fondos por medio do programa KOHA. A catalogación dos fondos levarase a cabo por varias persoas membros do equipo que unificarán criterios.

A biblioteca conta cun Blog (<https://ceipsanmarcos.es/biblioteca/>) e unha conta en Instagram onde se publican actividades, guías de lectura, documentos informativos para usuarios e usuarias, etc.

Teranse en conta as recomendacións do profesorado e do alumnado para mercar fondos dependendo das necesidades da biblioteca, priorizando os textos en galego e aqueles fondos aos que non sexa fácil acceder para presentar así novos modelos de lectura. Para iso, implementarase un sistema que permita facer suxestións de compra para os fondos da biblioteca, poderá ser a través dun caixón instalado na biblioteca ou a través dun Google Forms no Blog.

O servizo de préstamos está automatizado mediante o programa KOHA. Cada alumno ou alumna pode ter en préstamo ata 3 exemplares durante 15 días, o profesorado pode realizar empréstitos de

ata 30 exemplares por un tempo de 3 meses. Existe a posibilidade de reserva e prórroga de exemplares, incluso editar a fecha de vencemento dos empréstitos.

#### 4.1.4. Bibliotecas de aula

As bibliotecas de aula aliméntanse da biblioteca de centro mediante préstamos periódicos xestionados polos titores e titoras. Serán eles e elas os encargados de xestionar o uso de eses fondos por parte do alumnado.

#### 4.1.5. Responsable e equipo da biblioteca

A biblioteca conta cunha persoa encargada da mesma, que formará parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), e cun equipo de biblioteca. O Laboratorio Creativo, a Radio na biblio e o Club de lectura terán cada un, un coordinador/a específico dentro do equipo.

Procurarase que haxa unha persoa de cada nivel educativo no equipo de biblioteca e priorizarase este equipo pola carga de traballo que supón, pola inversión económica e por ser o centro de aprendizaxes do colexio; tal como establece a orde PLAMBE no seu Preámbulo: “A biblioteca escolar debe converterse nun centro neurálxico de aprendizaxe dos saberes básicos e da adquisición de competencias, que ofrece recursos tanto para compartir, reflexionar e expresar preferencias persoais ao redor da lectura, como para impulsar a innovación, a creatividade e o pensamento crítico da comunidade educativa”.

A biblioteca contará cunha hora mensual para a reunión do seu equipo no cómputo de horas complementarias fixas.

Contémplase a formación permanente dos membros do equipo, principalmente por medio de Grupos de Traballo ou Seminarios.

Dentro do horario lectivo, e sempre que sexa posible, a persoa responsable da biblioteca contará, ao menos, cunha sesión diaria adiada á mesma e cada membro do equipo de biblioteca terá, ao menos, unha sesión de dinamización para a organización da biblioteca, actividades de formación, propostas relacionadas coa lectura e outras actividades afíns á mesma.

## **4.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca**

A biblioteca escolar, tal é como se viu, debe ser o centro neurálxico da aprendizaxe polo que a súa dinamización e a promoción dos recursos e actividades que alí se desenvolven será esencial para o seu progreso.

Neste senso, ensinarase ao alumnado e profesorado a usar o catálogo online a través da plataforma KOHA para coñecer os fondos bibliográficos cos que se conta.

Ademais, publicaranse recursos, actividades realizadas e novidades adquiridas na páxina Web do centro, Blog de biblioteca e redes sociais. Así como, actividades relacionadas cos club de lectura

ou actividades coas familias. Tamén se usará para a súa promoción e convocatoria as redes sociais ou Abalar.

Faranse exposicións temporais na biblioteca escolar polas conmemoracións e celebracións que se estimen oportunas e nas que interese mostrar as coleccións das que conta a biblioteca.

Non se debe esquecer que a biblioteca escolar será un centro de recursos para as diferentes propostas levadas a cabo no centro e debe servir como soporte para as actividades de aula.

Por iso, realizarase de forma periódica a actualización, dinamización e difusión de recursos relacionados coa robótica, a programación e as tecnoloxías dende o laboratorio creativo, para docentes, alumnado e familias.

A radio escolar formará parte da vida do centro con actividades de programas en directo, *podcast* ou entrevistas. A radio é un recurso esencial para traballar a oralidade e resulta moi motivadora ademais de servir como produto final das investigacións feitas nas aulas, así como, un lugar de encontro con autores ou persoeiros. Disporase dunha canle en iVoox de Radio "Marquiños", onde se poderán escoitar os programas creados no centro educativo.

A biblioteca debe, por tanto, coordinarse co resto de dinamizacións e equipos do centro para que os recursos e as actividades sexan verdadeiramente significativas para o alumnado. Para iso:

- Faranse recomendacións, compilacións de fondos documentais relacionados con actividades levadas a cabo nas aulas, impulsadas polos equipos de traballo: Paisaxe e Sustentabilidade, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (EACE), convivencia...
- No empeño de converter a biblioteca en centro de creación de aprendizaxes, haberá unha especial colaboración co equipo de Polos Creativos e tamén co equipo TIC no tocante á alfabetización en medios.
- Do mesmo xeito, colaborarase co Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) tendo en conta que dende a biblioteca se impulsará o galego tanto nos club de lectura, nos fondos mercados, na radio, nas Letras Galegas...
- Tratarase de ter unha atención especial para o alumnado do 3º ciclo dentro do Edixgal.
- Nos vindeiros curso, intentarase contribuír ás propostas do equipo de Convivencia e Benestar, con bibliografía relacionada coa mediación de conflitos, benestar emocional, recursos para o espazo da calma...
- En canto ao plurilingüismo, contribúese a través da adquisición de fondos en lingua estranxeira.

Cabe destacar que para acadar un bo funcionamento do centro e co fin de non sobrecargar de actividades mecánicas ou pouco significativas para o alumnado haberá unha reunión mensual de coordinadores de equipos, dentro da reunión da CCP.

### **4.3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional**

As usuarias e usuarios da biblioteca escolar poden realizar na mesma actividades de consulta; lectura informal; préstamo e devolución; traballos escolares; lectura de revistas; audicións de música; vídeos; xogos; experimentos, gracias a localización contigua e aberta coa aula de Polos Creativos; creacións propias; robótica; programación; participación en actividades, retos e propostas; etc.

Elaboraranse documentos guía de uso coas normas de funcionamento básicas da biblioteca. Así como, presentación con todos os elementos que se poden atopar alí e en materia de CDU.

Ademais, cada inicio de curso solicítanse voluntarios e voluntarias entre o alumando de terceiro ciclo de Educación Primaria para ser axudantes da biblioteca. Con este alumando farase unha formación no primeiro trimestre sobre: préstamos e devolucións, en materia de CDU, en materia de recursos e espazos da biblioteca, dinamización dos recursos da biblioteca, etc. Así como, ao longo do curso, formación tanto do profesorado como do resto de alumnado, por parte dos membros do equipo de biblioteca e dos alumnos e alumnas voluntarios sobre eses mesmos aspectos e no uso da Radio e elementos do laboratorio creativo.

Tamén se intentará realizar formación de usuarios para alumnado que incluírá aspectos fundamentais do tratamento da información e a alfabetización mediática e informacional; selección de fontes informativas, tanto impresas como dixitais. Ademais os mestres farán as programacións tendo en conta o proxecto de centro e os criterios que falan do tratamento da información que deberá ser traballada na aula de forma sistemática tal como marca a lexislación.

A materia de proxecto competencial podería ser unha boa oportunidade para implantar o programa de formación para a competencia informacional e mediática xa que coincide nos seus contidos e criterios cos principios da alfabetización mediática e informacional; será competencia e decisión das diferentes titorías cada curso escolar.

Ademais no intento de facer ao alumnado produtor e non so consumidor a radio escolar é un recurso inmejorable para a alfabetización en medios. A formación do alumnado na radio empezará canto antes mellor e, no caso de contar con formacións externas, será en 4º ou 5º de Educación Primaria (preferiblemente non en 6º) para que un alumnado poida formar ao outros.

### **4.4. En relación co Plan de Lectura (fomento da lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información)**

Como apoio ao desenvolvemento do Plan de Lectura do centro elaborárase cada ano o Plan Anual de Lectura como concreción do mesmo que aparecerá na Programación Xeral Anual (PXA). Teranse ademais en conta para a súa elaboración as liñas prioritarias de cada curso aprobadas en Claustro e en Consello Escolar e que son indispensables para a continuidade no PLAMBE.

O valor da lectura é insubstituíble. Sen ela non é posible comprender a información contida nos textos e asimilala dun modo crítico. A lectura estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto. Na actual sociedade da comunicación, caracterizada pola sobreabundancia de datos, a lectura comprensiva ten un papel clave para converter a información en coñecemento.

Intentarase despertar no alumnado o interese pola lectura, empregando diversas estratexias de animación e proporcionando un ensino adecuado ás súas características. O uso da biblioteca será sistemático, concibíndoa como centro de recursos e apoio á aprendizaxe dende tódalas áreas. Así mesmo, buscaranse e aplicaranse estratexias para mellorar tanto a mecánica lectora como a comprensión.

Dende o centro levarase a cabo a Hora de Ler a cal realizará toda a comunidade educativa. Dentro da organización horaria de todos os grupos resérvase unha franxa de 20 minutos para actividades de diversa índole relacionadas coa lectura. Realizarase despois do recreo, como unha continuidade do tempo de lecer.

No inicio de cada curso, durante o mes de setembro, establecerase a programación xeral das actividades a desenvolver durante as Horas de Ler. Esta programación figurará na PXA, dentro do Plan Anual de Lectura, e se desenvolverá, ao longo do curso, polo profesorado que imparta docencia nas Horas de Ler (dentro da aula) ou docentes voluntarios que leven a cabo os diferentes clubs ou talleres propostos para ese horario, que complementan as lecturas realizadas nas aulas. Non todo o alumnado acudirá a todas as actividades todos os días, iranse rotando por cursos ou niveis ao longo de cada mes e a maioría deles serán voluntarios. Cada curso escolar as actividades propostas poden variar, algúns exemplos das mesmas son: club de xadrez, club TIC, club da Lingua Galega, *English Club!*, *Learning English*, *Time with...* (auxiliar de conversa), clubs de lectura (tras consultalo coa Asesoría de Bibliotecas Escolares, realizaranse na hora do recreo pero pódese aproveitar tamén a hora de ler para alargar as sesións), etc.

Dende o centro tamén se intentarán facer saídas complementarias relacionadas coa lectura: biblioteca municipal, contacontos, teatro... Así como, visita de autores ou autoras.

Considérase esencial que as actividades sexan atractivas para o alumnado polo que o xogo será o elemento motivador no plan. Xogos variados, individuais e colectivos, con metodoloxía concreta e cun tempo adecuado, tendo sempre en conta os obxectivos que se queren acadar.

Por outra banda, para esa Hora de Ler, cada aula creará a principio de curso unha biblioteca de aula que se nutrirá coas achegas de libros que faga o alumnado e o profesorado dende a biblioteca do centro, a través dos empréstitos. A biblioteca de aula deberá por á disposición de todos e todas, tanto libros de literatura (narrativa, teatro, banda deseñada, manga e poesía), como libros

informativos. Teranse en conta os gustos literarios do alumnado co fin de que vaia adquirindo a súa identidade lectora.

Como proposta para os vindeiros cursos, dende a biblioteca promoveranse itinerarios lectores diversos con recomendacións dos diferentes xéneros literarios nas tres linguas e outros específicos como por exemplo, relacionados coa diversidade, dende o feminismo, etc.

A continuación, amósanse, de forma xenérica, exemplos de actividades que se poden facer nas distintas etapas educativas para fomento da lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información:

### Educación Infantil

Á hora de ler os contos debese aproveitar para ensinar a cuberta, as partes dun libro, comentar previamente de que pode tratar, quen o escribiu, quen o ilustrou, etc. Tamén, pódese pedir a colaboración das nenas e nenos en repetición de fórmulas, cancións, busca de finais diferentes...

Ó alumnado de infantil encántalle escoitar os seus contos preferidos unha e outra vez. Non se debe dubidar en ler o mesmo libro. Isto é moi proveitoso e eficaz. Ademais, debese deixar que os nenos e nenas conten os contos aos seus compañeiros.

Tamén é fundamental traballar a direccionalidade da lectoescritura a través de diferentes xogos e dinámicas.

Outras actividades que se poden levar a cabo para promover o hábito lector nesta etapa son:

- Contacontos
- Lectura de imaxes
- Coñecemento de palabras novas a través de xogos (como "O ladrón de Palabras").
- Lectura de poemas, adiviñas, trabalinguas...
- Tras a lectura dun conto: Ilustrar o conto, inventar un final, dramatizacións....

### Educación Primaria

A parte das actividades da Hora de Ler, pódense levar a cabo diferentes actividades para promover o gusto pola lectura:

- Lectura en voz alta.
- Lectura silenciosa.
- Xogos de agudeza visual e discriminación de sons.
- Xogos de memoria e comprensión.
- Pasatempos e sopas de letras.
- Expresar oralmente e mediante o xogo o que comprenderon da lectura.
- Expresar os sentimentos que lles transmitiu a lectura.

- Escritura dos seus propios contos para lelos ao resto de clases.
- Realización de biografías de personaxes e persoas da súa familia.
- Traballos con prensa e revistas.
- Realizar murais ou traballos a partir da busca de información relativa a temas do seu interese ou do PDI.
- Lectura de contos dirixidos a Educación Infantil, programa “amigo maior”.

Ademais, cada nivel especificará no Plan Anual de Lectura como vai fomentar a lectura en todas as áreas e materias, así como, as actividades literarias coas que contará. Establecerase un itinerario lector a seguir nos diferentes cursos para traballar o tempo de lectura individual ou compartida. Os criterios para establecer cada itinerario lector dependen do profesorado que imparta neses cursos, contando ao menos cun libro por curso.

Pódese consultar previamente os datos do texto e as súas relacións (época, autor, tema...).

Será fundamental facer preguntas e comentarios sobre o que ocorre no texto lido. Así como, permitir que o alumnado faga preguntas durante a lectura e buscar o xeito de mencionar como se relaciona o lido coa vida propia de cada quen.

As lecturas comúns de aula tamén poderán xirar en torno ao PDI do centro.

Para o primeiro ciclo a metodoloxía empregada pode variar en funcións das necesidades e características da propia aula. Facendo unha mestura entre as actividades propostas para Educación Infantil e as de Primaria, xa que se trata de cursos de transición.

En relación os multialfabetismos e a cultura impresa / cultura dixital, no centro dispónse de varios dispositivos para lectura de libros electrónicos pero non se están usando. Considerase que a lectura nestes dispositivos é menos profunda tal como mostran varios estudos.

Ó estar na etapa de primaria parece máis importante priorizar outro tipo de actividades con materiais impresos para afianzar a comprensión lectora que axude a unha posterior lectura dixital.

De todas formas este é un centro Edixgal polo que tratarase de que o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria poida acceder á plataforma E-LBE a través dos seus dispositivos.

Dende a biblioteca darase tamén importancia á linguaxe musical, á de programación a través de Scratch e á plástica e visual (uso do chroma, teatro, fotografía, cine...).

Outras actividades puntuais que se poden levar a cabo dentro de este Plan de Lectura lístanse a continuación, como un mostra de todo o que se fai e pódese chegar a facer no centro:

- Encontros con autores e/ou ilustradores.
- Acompañamentos lectores entre alumnado de diferentes niveis, ciclos e etapas.
- Contacontos e actividades de animación á lectura ofertadas polo Concello.
- Contacontos e actividades organizadas dende a biblioteca.

- Recomendacións lectoras por parte do alumnado (como *Booktrailers* e *Booktubers*).
- Recomendacións lectoras para a casa elaborada polo equipo de biblioteca.
- Exposicións e recunchos lectores, como o recuncho de “Marquiños” no edificio de Infantil.
- “As familias contan”, actividade na que se invita ás familias para realizar contacontos ou falarnos sobre a súa profesión ou *hobbies*.
- Conmemoracións vinculadas especialmente coa biblioteca e a promoción da lectura:
  - o Día das Escritoras
  - o Día das Bibliotecas
  - o Contos de Samaín
  - o Mes da poesía
  - o Día da muller e nena na ciencia
  - o Día da muller
  - o Día da Radio
  - o Día na Narración Oral
  - o Semana do Libro, onde se realizarán actividades como recitais, acompañamentos lectores, maratóns lectores... e todas aquelas propostas que teñan como base a lectura, a literatura e os libros informativos.
  - o Semana das Letras Galegas
- Exposicións para celebrar días especiais: Magosto e Samaín, Nadal, Entroido, Primavera e os Maíos, Letras Galegas, San Xoán, etc.

Tamén se levarán a cabo actividades dirixidas ao fomento da escritura e linguaxes múltiples en colaboración con outras dinamización e equipos do centro:

- Participación en certames literarios.
- Participación en concursos de cortos.
- Organización de concursos e retos literarios por parte das diferentes dinamizacións.
- Participación de todo o alumnado na revista “Andaina”, con edicións anuais.
- Participación na sección do periódico mensual interactivo creado dende biblioteca creativa e o equipo TIC, na que cada mes participará un nivel e unha dinamización ou proxecto de centro.
- Actividades de escritura creativa realizadas polas titorías na aula ou na biblioteca, ou talleres organizados polo propio alumnado, como taller de *Lettering*, nas horas de recreo.
- Actividades e propostas de poesía, teatro, banda deseñada, chroma, etc.
- Participación en concursos de baile como “Coreografía-te”.
- Participación en iniciativas como “Cóntame un conto”, na que se promove a tradición oral galega.



#### 4.5. En relación coa implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

A lectura é a base de todo coñecemento polo que o seu fomento é esencial e polo cal se traballa nel desde fai varios anos. Pero o fomento da lectura débese tamén levar a cabo dende a casa, onde a familia xoga un papel fundamental.

A familia é o primeiro educador dos nenos e nenas, deles aprenderán non só pola dedicación e empeño que demostren, senón co exemplo correcto. Dedicar momentos de lectura conxunta é unha boa idea para promover ese gusto por ler, regalar máis libros, visitar bibliotecas, etc.

Sobre como espertar o interese e a curiosidade pola lectura nas nenas e nenos, desde que idade e con que ferramentas, hai autores que sinalan que o exemplo que ven os fillos e fillas nos seus pais e nais é moi importante. As nenas e os nenos aprenden co exemplo, as familias teñen que ter libros na casa; lerlles todos os días, se son moi pequeniños; usar libros con deseños e ilustracións rechamantes; pódese tamén usar debuxos ou fotos e logo facerlles preguntas e pedirles que eles conten unha historia; etc.

Para iso, dende a biblioteca escolar ponse en marcha cada ano a Mochila Viaxeira, con libros que veñen e van. Esas mochilas levarán diferentes materiais para fomentar eses momentos de compartir. Trátase de mochilas revisadas e actualizadas polo equipo de biblioteca para cada aula, de forma que durante unha semana o alumando poida dispoñer do seu contido na casa. As mochilas terán contidos variados (contos, revistas, xogos, etc.), en función da competencia lectora do alumnado. Así mesmo, tratarase de propoñen contidos nos tres idiomas do centro e actividades dende o equipo TIC (biblioteca creativa), Equipo de Dinamización da Lingua Galega e do Proxecto de Vida Activa e Deportiva.

Así mesmo, cada trimestre ofrecerase unha selección de libros e xogos de mesa como recomendacións para a súa compra dende os fogares ou para coller prestados das distintas bibliotecas.

É fundamental que se lles deixe escoller os seus propios libros, que poidan ler o que lles gusta é unha forma de facer a lectura divertida.

Dende fai varios cursos estase a levar a cabo a actividade “As familias contan” con gran éxito, sobre todo, na etapa de Educación Infantil. Na que se invita as familias para realizar contacontos ou falarnos de algo que lles gusta, a súa profesión, *hobbies*, etc.

Cabe destacar tamén que nos vindeiros curso intentarase por en marcha actividades que permitan unha maior participación das familias na biblioteca escolar con propostas como: Club de lectura de adultos, mochila viaxeira para adultos, faladoiros e encontros literarios, charlas informativas, etc.

Tratarase de promover que cada inicio de curso ou nas enquisas ás familias de fin de curso sobre a biblioteca se pida colaboración para dar charlas, contacontos ou outro tipo de actividades.

A páxina Web e o Instagram poden ser unha boa canle de comunicación coas familias.

Sería interesante, tamén, colaborar con outras bibliotecas escolares e coa Escola de Educación Infantil do Concello para compartir material, facer doazóns, actividades intercentros, etc. Así como, coa biblioteca municipal, residencias de maiores, centros de día da comarca...

#### **4.6. En relación co apoio da biblioteca para a compensación de desigualdades sociais e a atención á diversidade**

Nos vindeiros cursos tratarase de apoiar ao desenvolvemento do currículo promocionando libros e novidades que se vaian incorporando sobre diferentes temáticas, especialmente, aqueles que teñen que ver coa atención á diversidade. Como as de temática LGTBI+, feministas, valores éticos e sociais... e outras que promovan a inclusión educativa.

A biblioteca encargarse da organización dos espazos seguindo criterios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA) e a sinalética estará en pictogramas para favorecer a comprensión para aquel alumnado que non saiba aínda ler. Por exemplo, os libros informativos levarán pictogramas de ARASAAC para indicar a súa temática segunda CDU.

Así mesmo, no caso de contar con alumnado con cegueira a biblioteca terá que adaptarse, por exemplo, con sinalética en Braille. A biblioteca xa conta na actualidade con algunha edición da revista de centro "Adaina" en Braille, así como libros creados polo propio alumnado.

Priorizarase a compra daqueles libros que falen de diversidade con calidade literaria e sen estigmatizar, fuxindo dos "libros para...".

Ademais os recursos utilizados deberán estar en boas condicións para que todos teñan acceso a materiais de calidade e a aqueles que son de difícil xeneralización.

Proporase que as actividades sexan de lectura fácil, así como, a compra de libros que sigan estes criterios para favorecer o acceso á información.

Sería interesante neste sentido que formaran parte do equipo da biblioteca membros do departamento de orientación.

Polo exposto aquí, queda aínda máis patente a necesidade de modificar a sección de ordenadores para que sexa accesible a todos e todas.

#### **4.7. En relación co Proxecto Documental Integrado (PDI) do centro**

No centro levarase a cabo cada curso escolar un Programa Documental Integrado (PDI). A través deste PDI, impulsado dende a biblioteca do centro, promoverase a metodoloxía de traballo por proxectos, favorecendo o tratamento transversal de contidos, o enfoque interdisciplinario e a atención á diversidade tal como establecen as medidas ordinarias no *Decreto 229/2011 do 7 de decembro e a orde do 8 de setembro de 2021 (Artigo 45. Metodoloxías baseadas no traballo*

*colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión).*

A temática de dito PDI será escollida polo claustro ao inicio de curso. Dende a biblioteca escolar prográmase actividades para todo o alumando, propostas e documentación específica dentro do proxecto escollido.

Proporanse visitas de autores para todos os niveis, así como, doutras persoas que poidan aportar informacións para o PDI.

Pedirase colaboración as familias, participando nas actividades propostas, facilitando material, etc. Todo isto, en coordinación cos diferentes equipos e proxectos dos que conta o centro.

## **5. CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES.**

O desenvolvemento do presente Plan de Biblioteca e Plan de Lectura requirira dun procedemento que garanta o seu seguimento, o cal se levará a cabo ao finalizar o curso escolar, e cantas veces sexa necesario ao longo do ano.

Avaliarase o grado de consecución dos obxectivos, das actividades desenvoltas e dos recursos empregados. As dificultades xurdidas e as posibilidades de mellora. Así como, o grao de utilización da biblioteca escolar: libros, xogos, Radio, materiais do laboratorio creativo, etc.

Faranse enquisas para avaliar o traballo da biblioteca que contarán con preguntas sobre o PDI, sobre as actividades realizadas, os hábitos de lectura, a coordinación entre equipos e tamén propostas de mellora (entre outras). Para facer estas preguntas teranse en conta os obxectivos enunciados neste Plan de Biblioteca e Plan de Lectura que poderían funcionar como indicadores de logro. Estas enquisas serán para alumnado, profesorado e familias.

Para realizar estas enquisas empregarase Google Forms ou outra plataforma dixital que permita facelas en liña.

Ademais, terase en conta para a avaliación a observación directa e a recollida de opinións, comentarios e suxestións.

## **6. DIFUSIÓN**

O Plan de Biblioteca e Plan de Lectura será difundido a comunidade educativa a través das reunións do claustro e consello escolar. Así mesmo, serán parte do Proxecto Educativo do centro é estará a disposición da comunidade na páxina Web do centro.

Internamente, serán os coordinadores de ciclo os que darán a coñecer os plans ós mestres do mesmo para poñelo en marcha e realizar as propostas de adaptación precisas.

